



Fitos do Servizo de emprego e formación

1996 - PROXECTO HORIZON

Primeiro gran proxecto de emprego, que culminou con 37 accións formativas e 434 alumnos/as. Estes proxectos darían lugar á creación dos primeiros C.E.E específicos para as persoas con discapacidade intelectual.

1

2

2000 - COLABORAMOS COA XUNTA

Pasamos a ser Centro Colaborador do Servizo Público de Emprego da Xunta de Galicia.

2001 - EMPREGO CON APOIO

Somos a primeira Federación que implanta a Metodoloxía de Emprego con Apoio en Galicia para persoas con discapacidade intelectual grazas á financiación da Xunta.

3

4

2002 - REDE DE TÉCNICOS DE EMPREGO

Nace a Rede de Técnicos de Emprego de Galicia, con 2 técnicos de emprego e unha unidade de apoio, grazas á financiación da Xunta.

2004 - NOVAS SEDES

Abren 3 novas sedes do Centro Colaborador do Servizo Público de Emprego da Xunta de Galicia en Vigo, Lugo e Ourense.

5

6

2006 - PRIMEIROS PASOS

Presentamos á Xunta un primeiro proxecto de cara a facilitar o acceso á función pública das persoas con discapacidade intelectual.

2009 - UN TRABALLO CERTIFICADO

A Área de Emprego e Formación de Fademga Plena inclusión Galicia, acada a Certificación ISO 9001:2008 por AENOR.

7

8

2011 - CHEGA O EMPREGO PÚBLICO

Convócase a primeira oferta específica de emprego público para o colectivo, con 54 prazas en toda España para o posto de ordenanza da Administración Xeral do Estado. Dende entón e ata a actualidade prestamos formación, apoio e acompañamento para as diversas convocatorias.

2015 - PRIMEIRAS CONVOCATORIAS ESPECÍFICAS DA XUNTA E DO SERGAS

Primeira convocatoria específica de emprego público da Xunta de Galicia para o noso colectivo, concretamente para postos de ordenanza.

En 2016 chegaría a primeira convocatoria específica do SERGAS, para a praza de celador/a. .

9

10

2017 - O EMPREGO PERSONALIZADO

Implantación da Metodoloxía de Emprego Personalizado en Galicia. Executamos 3 proxectos ata o ano 2020, cun total de 77 participantes dos que 32 foron contratados.

2019 - FP DUAL E NOVA OFICINA

Nace a FP dual específica para o noso colectivo, que fomenta a capacitación a través da formación e contratación.

Abrimos nova sede do Centro Colaborador do Servizo Público de Emprego da Xunta na Coruña.

11

12

2022 - PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO

Nace o programa integrado de emprego para persoas con discapacidade intelectual, cun total de 262 persoas beneficiarias, conseguindo 136 contratacións e 369 actividades formativas.

2023 - APOIO LABORAL NAS ITV GALEGAS

Dende 2023 FADEMGA afiánzase como Federación de referencia para o proxecto de inclusión laboral de SyC, "Son Capaces", que se leva a cabo nas ITV galegas.

13